Dozón Turismo

dozonturismo.gal

CRUCEIRO DO CASTRO IX

Este cruceiro é un dos sete que compoñía un conxunto sacro camiñeiro na aldea de O Castro, coincidente co trazado do Camiño de Santiago. Dos catro que aínda se poden ver, en diferentes estados, é o mellor conservado, servindo de representación formal para os máis deteriorados, pois parece que todos desenvolvían trazas moi semellantes.

Hoxe en día aséntase sobre un camiño, tendo como base un gran bloque cúbico de basta fábrica e arestas romas pola erosión. Sobre o mesmo érguese un varal que coa base e o termo superior en forma cúbica ten a maior lonxitude en sección octogonal irregular, enlazando o paso xeométrico mediante caras alternas en transición de punta de frecha.
No capitel, moi parecido ó dos cruceiros próximos, distínguense tres elementos: o máis baixo debeu de contar con forma tronco-prismática invertida, pero na actualidade se atopa moi redondeada polo desgaste, maiormente nun dos seus lados; segue cara arriba un prisma rectangular intermedio; a peza superior de remate é unha delgada moldura en forma de filete cadrado. A cruz, cuadrangular, ten un desgaste que nalgúns tramos lembra a un lixeiro oitavado. Non conta con inscricións, pero si presenta un Cristo crucificado de mans grandes abertas e cara ladeada á dereita que ten as súas pernas levemente flexionadas e cruzadas. O remate do pau e dos brazos traveseiros é *florenzado* aínda que moi desgastado, remate xa desaparecido nos cruceiros contiguos máis deteriorados.



A O (San Salvador)

42.5729549, -8.046683

XUNTA DE GALICIA · galicia · Xacobeo 21·22 · GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN · FEADER Europa inviste no rural · LEADER · agader AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL